



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARBALLO

*Anuncio de Convocatoria de Bolsas dirixidas a deportistas individuais do Concello de Carballo para actividade deportiva durante o ano 2020*

**Anuncio de Convocatoria de Bolsas dirixidas a deportistas individuais do Concello de Carballo para actividade deportiva durante o ano 2020.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo, en Sesión Ordinaria do luns 15 de marzo de 2021, acordou aprobar as bases reguladoras da convocatoria de bolsas dirixidas a deportistas individuais do Concello de Carballo para actividade deportiva durante o ano 2020, cuido contido íntegro se publica:

#### **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE BOLSAS DIRIXIDAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE CARBALLO PARA ACTIVIDADE DEPORTIVA DURANTE O ANO 2020.**

##### **1. Liñas xerais**

Concello de Carballo recoñece as funcións do deporte como elemento fundamental na formación integral e mellora da calidade de vida do cidadán e como favorecedor da cohesión social, é consciente das dificultades dos deportistas individuais, en especial nas etapas de formación, agravada esta circunstancia cando non existan entidades deportivas locais que ofrecen soporte ás necesidades específicas da mesma.

Consecuentemente é necesario destinar recursos económicos á actividade de fomento, para a concesión de axudas económicas co obxecto de apoiar a práctica e rendemento deportivo, tanto en relación ao perfeccionamento técnico e obtención de maior rendemento nas respectivas modalidades deportivas, como posibilitar a súa participación en eventos deportivos, facilitándolles ás persoas deportistas do Concello de Carballo o acceso a unha preparación integral axeitada, que lles posibilita a consecución dos seus obxectivos, e indirectamente os do Concello de Carballo no ámbito deportivo.

Estas bolsas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, que lle deberán ser comunicadas ó Concello de Carballo.

##### **2. Normativa Aplicable.**

En conformidade cas competencias atribuídas a este Concello polo artigo 25.2 apartado I) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e en aplicación do artigo 23 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 8 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, convócanse bolsas para deportistas individuais do Concello de Carballo para o ano 2020.

##### **3. Finalidade e Obxecto.**

A presente convocatoria de subvencións ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a deportistas individuais do Concello de Carballo para financiar a actividade deportiva realizada durante o ano 2020.

##### **4. Tramitación**

Conforme ao disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notificaránselles ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten os seus dereitos e intereses.

As resolucións das persoas admitidas e excluídas e a da concesión provisional e definitiva das bolsas, por tratarse de actos integrantes dun procedemento de concorrencia competitiva e, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notificarase mediante publicación na páxina web do Concello de Carballo, e notificación individualizada.

##### **5. Crédito Orzamentario e importes a conceder por beneficiario.**

Crédito orzamentario: O importe global das subvencións é de seis mil euros (6.000,00 €), gasto imputable á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor. (RC nº op 220210000959).

O importe do crédito destinado a esta convocatoria, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria, respectando os límites e condicións establecidos no artigo 58 do Real decreto 887/2206 de 21 de xullo e no artigo 9 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Concederáanse un máximo de 20 becas por importe de 300,00 € cada unha.

O importe máximo a conceder por beneficiario é de 300,00 €.

Só se poderá solicitar bolsa por unha única modalidade deportiva e beneficiario.

## 6. Solicitantes

### 6.1. Requisitos das persoas solicitantes

Poderán participar nesta convocatoria os/as deportistas residentes no Concello de Carballo que reúnan os seguintes requisitos:

6.1.1. Practicar un deporte, de carácter individual, entendido como tal todo aquel deporte que, segundo a súa regulamentación, é practicado por un ou por dous deportistas como máximo.

6.1.2. Ter ate 18 anos de idade no ano 2020 (persoas deportistas nadas a partir do 1 de xaneiro de 2002 incluído).

6.1.3. Pertencer a categorías de base según o criterio de idade da modalidade deportiva practicada.

6.1.4. Residir no Concello de Carballo, cunha antigüidade ininterrompida, polo menos, dende o 1 de xaneiro do 2019. Esta condición será comprobada polo propio concello de Carballo, e debe cumprirse dende a data sinalada ate a data de resolución da convocatoria.

6.1.5. Dispoñer de licenza deportiva vixente durante o ano 2020, e na data de presentación da solicitude, expedidas pola federación deportiva correspondente.

6.1.6. Acreditar nivel deportivo na modalidade practicada e ter proxección nas previsións de futuro.

### 6.2. Obrigas das persoas solicitantes:

Tendo en conta que a tramitación será telemática:

A persoa que presenta a solicitude da bolsa deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións dirixiranse a ese enderezo. Excepcionalmente e de forma xustificada, poderase modificar o enderezo inicial coa obriga de notificar a dita circunstancia ó Concello de Carballo.

Deberán dispoñer de certificado dixital a persoa que solicite a bolsa, ou a persoa que a represente perante o Concello de Carballo (se é distinta da que solicita a bolsa); e para o caso de menores de idade a persoa solicitante será sempre o menor, e o representante (persoa que obrigatoriamente presenta a solicitude neste caso) será o pai, nai ou titor legal do menor, que, ademais, se responsabilizará de todas as obrigas derivadas de que o seu fillo/a sexa titular/beneficiario da bolsa.

## 7. Exclusiones.

Quedan excluídas da presente convocatoria as seguintes actividades e investimentos:

7.1. Os proxectos xa subvencionados polo Concello de Carballo a través de outras axudas ou convocatorias.

7.2. As actividades realizadas por deportistas individuais pertencentes a entidades deportivas locais da modalidade, que percibiran subvencións en materia de deporte outorgadas polo Concello de Carballo para actividade xeral nas dúas últimas convocatorias.

7.3. As actividades realizadas por deportistas individuais fóra do ámbito municipal, cando existan entidades locais con estrutura deportiva que permita satisfacer as necesidades de competición e adestramento dos deportistas solicitantes.

Así, se un deportista desenvolve a súa actividade fóra do ámbito municipal, existindo no mesmo, a criterio do concello de Carballo, as condicións suficientes para a súa práctica e mellora en atención ó nivel deportivo alegado, considerarase excluído da convocatoria.

7.4. As actividades de modalidades deportivas que se poidan considerar de pouco interese social, educativo e/ou físico deportivo.

## 8. Documentación

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello de Carballo, na páxina web do Concello de Carballo [www.carballo.gal](http://www.carballo.gal).

Achegarase tamén a seguinte documentación:

8.1. Documento nacional de identidade do solicitante ou documento que regulamentariamente o substitúa. No caso de que a persoa solicitante da bolsa xa achegase este documento, e non sufrise variación, non será necesaria a súa achega.

Neste caso deberán identificar o expediente (ano de presentación, número de expediente, e convocatoria) no que foi achegado.

8.2. Declaración de ter licenza federativa durante 2020 e de ter a licenza vixente na data de presentación da solicitude, expedida pola federación deportiva correspondente.

8.3. Fotocopia da licenza federativa 2020 e da licenza federativa vixente no momento de presentación da solicitude.

8.4. Documento nacional de identidade do pai/nai/titor legal ou representante, ou documento que regulamentariamente o substitúa.

8.5. Historial deportivo.

Historial deportivo obtido durante o ano 2020, no que haberán de constar as participacións e os resultados obtidos en competicións autonómicas, nacionais ou internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición. Este historial haberá de vir certificado e co visto e prace da federación deportiva correspondente en documento orixinal, segundo os formatos que figuran nos modelos de solicitude da bolsa e con data posterior á da publicación desta convocatoria no BOP

As competicións non organizadas polas federacións deportivas deberán ser recoñecidas expresamente pola federación galega ou nacional correspondente, a través de certificación orixinal.

8.6. Proxecto deportivo levado a cabo en 2020, con descripción das actividades de adestramento e competición realizadas, obxectivos, medios materiais empregados e medios persoais (adestradores, etc.) e descripción da progresión acadada durante a tempada 2020 en relación ás anteriores e as proxeccións de futuro estimada.

8.7. Declaración responsable doutras axudas solicitadas ou percibidas para o mesmo fin.

8.8. Certificación de datos bancarios. No caso de que a persoa solicitante da bolsa xa achegase este documento, e non sufrise variación, non será necesaria a súa achega.

Neste caso deberán identificar o expediente (ano de presentación, número de expediente, e convocatoria) no que foi achegado.

8.9. Se é o caso, certificación (expedida pola Secretaría co visto e prace da Presidencia do club) da pertenza da persoa deportista a un club do Concello de Carballo, cunha antigüidade mínima ininterrompida, polo menos, dende o 1 de xaneiro do 2019. A data desta certificación será posterior á da publicación desta convocatoria no BOP

8.10. Declaración do titor/a legal, no caso de minoría de idade do solicitante, de que se responsabiliza de todas as obrigacións derivadas de que o seu fillo/a sexa titular/beneficiario dunha subvención pública.

8.11. Autorización para que o Concello de Carballo solicite as certificacións que deban emitir a Axencia Tributaria e a Seguridade Social.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da data de aceptación desta notificación, para a súa emenda.

Pasado o dito prazo sen que a persoa solicitante da bolsa atenda o requirimento, entenderase que desiste da súa petición, de conformidade co disposto no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema.

### **9. Lugar, prazo de presentación da solicitude e desistencia**

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello de Carballo, na páxina web do Concello de Carballo [www.carballo.gal](http://www.carballo.gal).

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados dende o seguinte a publicación do extracto das convocatorias no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través da BDNS.

O Concello de Carballo publicará na súa páxina web a resolución de persoas admitidas e excluídas xa que coa presentación da solicitude se autoriza para o tratamento necesario dos datos das persoas solicitantes e para a súa publicación na citada páxina web.

No prazo de 10 días naturais, contados desde o día seguinte ao da data da publicación da resolución de persoas admitidas e excluídas, poderán as persoas interesadas formular as reclamacións para emendar erros polas causas de exclusión das solicitudes non admitidas.

Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que desiste da súa petición nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tamén será causa de desistencia da solicitude, non axustarse aos termos da convocatoria, ou o incumprimento dos requisitos establecidos nela.

## **10 RESOLUCIÓN.**

10.1. O prazo máximo de resolución e notificación da concesión das subvencións será de seis meses, contado a partir da data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

### **10.2. Concesión.**

10.2.1. A concesión das bolsas realizarase, mediante un réxime de concorrencia competitiva, e resolverá a Xunta de Goberno Local, logo da proposta motivada da comisión avaliadora correspondente.

10.2.2. A comisión será nomeada por resolución de Alcaldía, actuando como secretario/a, sen voto, un/unha funcionario/a do Concello de Carballo e estará composta polas seguintes persoas:

Presidencia: Alcalde ou Concelleiro en que delegue.

Vogais: 2 Concelleiros/as da Corporación Municipal.

10.2.3. A comisión avaliadora, formulará proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivada, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

10.2.4. Unha vez esgotado o crédito, aplicando a orde de puntuación, as seguintes solicitudes non obterán importe algún de subvención.

10.2.5. Por decreto da alcaldía dítarase a resolución de concesión provisional, concedendo un prazo de 10 días hábiles para comunicaren, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións. No caso de non formular desestimento expreso, a subvención considerarase aceptada tácitamente. No caso de existiren alegacións por parte dos interesados, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva das bolsas.

10.2.6. A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor dos beneficiarios propostos fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a resolución definitiva de concesión.

10.2.7. Unha vez transcurrido o prazo de alegacións, e resultas as mesmas se as houbera, a Xunta de Goberno Local aprobará o acordo de concesión definitiva das subvencións.

10.2.8. A resolución da convocatoria darase a coñecer mediante a publicación na páxina web [www.carballo.gal](http://www.carballo.gal) e notificarase mediante publicación na páxina web do Concello de Carballo, e notificación individualizada polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos solicitantes e para a súa publicación na citada páxina web.

10.2.9. Contra a resolución definitiva poderán ser interpostos, con carácter potestativo, os seguintes recursos:

Recurso de reposición, perante o Alcalde do Concello de Carballo, no prazo dun mes.

Recurso contencioso administrativo, ante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses.

Ambos os dous prazos contaranse dende o día seguinte ao da notificación da resolución da convocatoria, de conformidade co establecido na base 6.2.8 desta convocatoria.

A presentación dos recursos sinalados non poderá facerse con carácter simultáneo.

### **10.3. Valoración das solicitudes.**

As solicitudes valoraranse segundo os criterios seguintes:

10.3.1. Historial deportivo durante 2020. (Ate 35 puntos) Valoraranse:

a) Resultados deportivos obtidos en competicións oficiais en 2020.

b) Convocatorias para competicións oficiais e/ou programas de formacións de seleccións autonómicas e nacionais.

c) Resultados deportivos obtidos en competicións non organizadas por federacións deportivas, no caso de ser recoñecidas expresamente pola federación autonómica ou nacional correspondente.

10.3.2. Proxecto deportivo.- O interese do proxecto desenvolvido, a proxección de futuro da persoa deportista e a súa progresión: ata 10 puntos.

10.3.3. Outros méritos.- Poderanse valorar outros méritos, segundo a documentación presentada polo solicitante: ata 5 puntos.

Entre estes méritos poderase contemplar: A pertenza da persoa deportista a un club do Concello de Carballo, cunha antigüidade mínima ininterrompida, polo menos, dende o 1 de xaneiro do 2019. A especial dificultade ou complexidade na consecución dalgunha das probas deportivas. Calquera outra que dispoñan os integrantes da comisión de valoración, de entre os méritos aportados polas persoas solicitantes.

En caso de igualdade de puntuación, poderá terse en conta para dirimir o empate calquera outro mérito deportivo acreditado no historial deportivo aportado pola persoa solicitante, non valorado segundo o disposto no apartado 10.3.1 anterior, ou a data da presentación da solicitude (dándolle preferencia neste caso ás solicitudes presentadas en primeiro lugar).

10.4. Outorgaranse por orde da puntuación obtida becas por importe de 300,00 €. Unha vez esgotado o crédito, aplicando a orde de puntuación, os seguintes solicitantes non obterán importe algún.

10.5. A comisión avaliadora poderá declarar desertas as bolsas que son obxecto da convocatoria, cando os solicitantes non acaden puntuación ou nivel deportivo na modalidade/especialidade practicada conforme o apartado 10.3 das presentes bases.

10.6. Poderanse nomear as persoas suplentes que considere oportuno, establecendo unha orde de prioridade. Estas persoas suplentes accederán ás bolsas unicamente no caso de existir algunha renuncia ou revogación por incumprimento das bases por parte dos titulares.

## **11. Xustificación e Pagamento**

11.1. Ao abeiro do previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, de 13 de Xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que tivesen podido establecerse para verificar a súa existencia. En consecuencia, nesta convocatoria non se esixirá a presentación dunha xustificación por parte dos beneficiarios, máis alá da certificación do historial deportivo en 2020 pola federación deportiva á que pertence a persoa deportista beneficiaria da axuda.

11.2. Para o pago das bolsas, as persoas adxudicatarias destas deberán estar ao corrente nas súas obrigas tributarias. Neste senso, o solicitante da bolsa autoriza ó Concello de Carballo, no momento da presentación da súa solicitude, para que poida obter as certificacións acreditativas de que está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Carballo.

11.3. Os pagos realizaranse por transferencia bancaria á conta indicada polo/a bolseiro/a.

11.4. Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da bolsa, terase en conta a certificación da federación que acredite participación nos campionatos e actividades deportivas valorados na solicitude.

## **12. Obrigas das persoas bolseiras**

12.1. Cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores.

12.2. Practicar a súa modalidade deportiva acudindo aos adestramentos correspondentes e participar nas probas ou encontros deportivos aos que fora convocado ou aqueles previstos no seu programa de competición, no ano 2020.

12.3. Coas persoas que resulten beneficiarias das bolsas o Concello de Carballo poderá programar alguna actividade por medio da cal se mostre o seu aproveitamento.

## **13. Publicidade das bolsas concedidas**

No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, general de subvenciones, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión das subvencións.

## **14. Protección de datos persoais**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Carballo con dirección en PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); lopd@carballo.galcoa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no

cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos mediante a súa propia solicitude presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común ou por correo electrónico en [lopdc@carballo.gal](mailto:lopdc@carballo.gal).

#### **Disposición adicional primeira.**

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das persoas solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

#### **Disposición adicional segunda.**

A participación na convocatoria supón a aceptación destas bases reguladoras.

#### **Disposición final.**

Para os casos non previstos nas presentes bases, será de aplicación a Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia de e as Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Carballo do ano 2021.»

Carballo, 15 de marzo de 2020.

O alcalde

D. Evencio Ferrero Rodríguez

2021/2210